

Instruccións de solicitude de admisión e matrícula para o alumnado do réxime de adultos presencial

Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado de FP.

1. **Proceso de admisión centralizado** na aplicación informática web: (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/>)
2. **Solicitud de participación no proceso:** cubrirá a solicitud utilizando o asistente informático, e xuntando a documentación escaneada que se solicite (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/>), **do 23 de xuño ao 5 de xullo ás 13h.**
 - 2.1. Con carácter xeral a validación é automática (non precisa entregala en ningún centro). Conservar copia impresa como resguardo.
Documentación requerida pola aplicación: xeralmente **DNI** e a **titulación de acceso** indicada na solicitud (se presenta certificación académica, deberá constar o pago de taxas do título). Deberá subirse a aplicación un único pdf por documento (exemplo: O DNI deberá escanearse no mesmo pdf por diante e por detrás). **Só poderá presentar a solicitud de admisión se cumple os requisitos de acceso no momento da inscripción.**
 - 2.2. No caso de que se indique no Anexo II que hai que validalo nun centro, presentará a documentación requirida en calquera centro público de FP.
Documentación: Anexo II (para o centro e para o solicitante) xerado na aplicación, xunto coa documentación (**DNI e a titulación de acceso**). Poderá remitir toda a documentación por correo postal certificado en sobre aberto co selo de correos no mesmo prazo (23 de xuño ao 5 de xullo ás 13h), e deberá enviala tamén escaneada ao correo electrónico do centro cifp.anxel.casal@edu.xunta.gal.
 - * **Estudos estrangeiros:** Deberá marcar o que corresponda no punto 5 da solicitud. Se os estudos están homologados co nivel de bacharelato, deberá marcar na aplicación os estudos de COU/PREU/Bacharelato sen modalidade ou outros equivalentes. Se os estudos están homologados co nivel da ESO, deberá marcar na aplicación Título da ESO LOE ou LOXSE.
 - * No caso de presentar vida laboral, comprobe que está completa.
3. **A adxudicación de prazas** aparecerá na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/fp/>, e na páxina web do centro <http://www.cifpanxelcasal.gal>. Haberá sucesivas adxudicacións de prazas.
4. Os usuarios poderán **reservar** na aplicación Ciclosadmisión os módulos nos que obteñan adxudicación (nos prazos correspondentes a cada adxudicación). Pode ir reservando os módulos adxudicados durante os períodos establecidos, pero **finalmente presentará unha única matrícula no centro.**
5. **Formalización da matrícula: a matrícula será SEMPRE PRESENCIAL NO CENTRO** do 19 ao 24 de xullo, do 27 ao 31 de xullo, e do 1 ao 6 de setembro ás 13.00h.
Pódese autorizar a alguén (autorización escrita e fotocopia do DNI do autorizante e DNI orixinal do autorizado).
Consulte o horario dos módulos de adultos na web do centro ou taboleiro, non poderá superar as 1000 h, e os módulos non poderán solaparse máis dun 10%. De preferencia, comece polos módulos do Bloque A.
6. **Alumnado que teña pendente de superación únicamente o módulo de FCT e/ou o módulo de Proxecto,** poderá presentar o documento de solicitude e matrícula (Anexo II, réxime persoas adultas) dende o 23 de xuño, e durante o mes de agosto (10.00-13.00 horas). (Artigo. 6.5 Orde 28_02_2007). Recoméndase **entregala do 13 ao 18 de xullo.**